



BOP

VENRES, 29 DE SETEMBRO DE 2023

N.º 225

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

AUGAS DE GALICIA

Anuncio

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que mediante resolución da dirección de Augas de Galicia de data 23 de febreiro de 2023 e como resultado do expediente incoado para o efecto, outorgouse ó Concello de Muras unha concesión de 3745 m³ anuais de auga procedente de dous mananciais situados nas Folgueiras e na Retorta, na parroquia do Burgo (Santa María), no concello de Muras (Lugo), con destino a abastecemento de poboación.

Expte.: DH.A27.68383

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2023.- O xefe do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico, José Ángel Someso Anguita.

R. 3021

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

LUGO.- REPARACIÓN DE CUBERTA E SUBSTITUCIÓN DE POLICARBONATO NOS LUCERNARIOS DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO (2023/CON_02/000056)

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial (<https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>)

Lugo, 25 de setembro de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3022

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 22/09/2023, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 2º Trimestre 2023 das:

- Taxa polo subministro de auga.

- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.
- Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 23/09/2023 ata o 22/11/2023. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberan acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 22 de setembro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3023

BURELA

Anuncio

Expediente: 1552/2023

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 08 de agosto de 2023, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Terceiro Bimestre do exercicio 2023, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante

a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 22 de setembro de 2023.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3024

CERVO

Anuncio

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 28 de agosto de 2023, aprobando inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 15/2023, vía suplemento de crédito núm. 2/2023, dentro do vixente Presuposto Municipal, que é o prorrogado de 2022, por non presentarse reclamacións contra o mesmo, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resume por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap. Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación prevision	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.667.977,29	0,00	2.667.977,29
2	Impostos indirectos	44.530,73	0,00	44.530,73
3	Taxas e outros ingresos	3.150.220,40	0,00	3.150.220,40
4	Transferencias corrientes	2.190.113,52	0,00	2.190.113,52
5	Ingresos patrimoniais	5.597,83	0,00	5.597,83
6	Alleamento invest. reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	1.547.944,68	0,00	1.547.944,68
8	Activos financeiros	1.251.282,52	83.359,04	1.334.641,56
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	10.857.666,97	83.359,04	10.941.026,01

Cap. Gtos	Denominación	Consignación anterior	Modificación prevision	Consignación definitiva
1	Gastos de personal	3.676.779,84	0,00	3.676.779,84
2	Gastos bens crtes e servizos	2.665.519,07	0,00	2.665.519,07

3	Gastos financeiros	17.999,97	0,00	17.999,97
4	Transferencias corrientes	375.750,00	0,00	375.750,00
5	Fondo de continxencia	0,00	0,00	0,00
6	Investimentos reais	2.532.141,88	83.359,04	2.615.500,92
7	Transferencias capital	27.371,93	0,00	27.371,93
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	577.277,01	0,00	577.277,01
	TOTAL	9.872.839,70	83.359,04	9.956.198,74

Cervo, 25 de setembro de 2023.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 3025

LUGO

Anuncio

Edicto de Exposición ao público

A través do Decreto número 7636/2023 de 31 de agosto de 2023, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **AGOSTO de 2023**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 13 de setembro ata o 13 de outubro de 2023** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 25 de setembro de 2023.- A Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 3026

MONTERROSO

Anuncio

“ Decreto nº 598 de 22 de setembro de 2023.

D. Eloy Pérez Sindín, alcalde-presidente do Concello de Monterroso con data de hoxe resolveu:

Visto que se tramitou o correspondente expediente para a formación de bolsa de emprego para cubrir antes posibles ausencias dos titulares mediante o sistema de concurso-oposición do posto de auxiliar administrativo do Concello de Monterroso

Vista que foi aprobada a súa convocatoria por decreto alcaldía nº 2023-0513 de data 23/08/2023 e publicada a oferta no BOP de 26/08/2023, en cumprimento do disposto nas bases de selección.

Vista a proposta da relación de aspirantes aprobados que foi realizada polo Tribunal

Calificador o día 19/09/2023 e unha vez finalizado o proceso de selección.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

En virtude das competencias que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, resolvo:

PRIMEIRO: Aprobar a relación de aspirantes propostos polo Tribunal calificador coa seguinte orde:

Nombre	DNI	Total Concurso	Proba práctica	Total
Ana Maria Varela Garcia	XXX3906XX	4,23	3,00	7,23
Álvaro Escariz Camoira	XXX4821XX	2,40	2,90	5,30
María Jesusa Castro Sucasas	XXX1947XX	3,65	1,5	5,15

SEGUNDO: Publicar este Decreto no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia.”

Monterroso, 22 de setembro de 2023.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 3027

QUIROGA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 21 de setembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación do padrón de auga, sumidoiro, lixo e ecotaxa correspondente ao 3º trimestre do exercicio 2023.

SEGUNDO.- A exposición pública polo prazo de 15 días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no BOP e mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e a Ordenanza Fiscal Reguladora.

TERCEIRO.- Poñer ao cobro no termo do artigo 62.2 da Lei 58/2003, en período voluntario, se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende, a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. A partir da devandita data pasarase a recadación executiva co seguinte recargo de apremo e demais costas derivados da execución forzosa.

CUARTO.- A falta do pago no período voluntario indicado suporá a exigencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía executiva da Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

QUINTO.- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 22 de setembro de 2023.- O alcalde, José Luis Rivera Castro.

R. 3028

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos 9/2023- expediente de crédito extraordinario-dentro do vixente Orzamento por importe de 17.626,89 € (Dezasete mil seiscientos vinte e seis euros con oitenta e nove céntimos), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 200, de data 31/08/2023), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS		ORZAMENTO DE INGRESOS	
<i>Aplicación Orzamentaria</i>	<i>AUMENTO (EN EUROS)</i>	<i>aplicación orzamentaria</i>	<i>AUMENTO (EN EUROS)</i>

<i>Por progr.</i>	<i>Económica</i>		<i>Económica</i>	
172	624	9.014,02		
341	609	8.612,87	870.00	17.626,89
Total.....		17.626,89	Total.....	17.626,89

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de créditos 1/2022 no orzamento para o ano 2022, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Ribeira de Piquíñ, 25 de setembro de 2023.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3029

Anuncio

Por acordo do Pleno da Corporación Local, reunido en sesión ordinaria do 29 de agosto de 2023, aprobase inicialmente o expediente de modificación de créditos 10/2023- expediente de suplemento de crédito- dentro do vixente Orzamento, por importe de 15.384,21 € (Quince mil trescentos oitenta e catro euros con vinte e un céntimos), quedando este aprobado definitivamente ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público (BOP nº 200, de data 31/08/2023), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, o que se faise público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS			ORZAMENTO DE INGRESOS	
<i>Aplicación Orzamentaria</i>		<i>AUMENTO (EN EUROS)</i>	<i>aplicación orzamentaria</i>	<i>AUMENTO (EN EUROS)</i>
<i>Por progr.</i>	<i>Económica</i>		<i>Económica</i>	
453	619	15.384,21	870.00	15.384,21
Total.....		15.384,21	Total.....	15.384,21

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de créditos 10/2023 no orzamento para o ano 2023, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Ribeira de Piquíñ, 25 de setembro de 2023.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3030

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos 11/2023- expediente de transferencia de créditos- dentro do vixente Orzamento por importe de 37.937,40 € (Trinta e sete mil novecentos trinta e sete euros con corenta céntimos), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 200, de data 31/08/2023), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 42 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

PARTIDAS DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA

<i>Partida</i>	<i>Denominación</i>	<i>Crédito definitivo antes da modificación</i>	<i>Importe baixa</i>	<i>Crédito definitivo despois da modificación</i>
241.131	<i>Promoción do Emprego. Persoal laboral temporal.</i>	480.347,87 €	37.937,40 €	442.410,47 €
			Total 37.937,40 €	

PARTIDAS DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO

<i>Partida</i>	<i>Denominación</i>	<i>Crédito definitivo antes da modificación</i>	<i>Importe alta</i>	<i>Crédito definitivo despois da modificación</i>
172.221	<i>Protección e mellora do medioambiente. Subministrros.</i>	79.490,49 €	36.000,00 €	115.490,49 €
453.619	<i>Estradas. Outras inversións de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</i>	120.113,29 €	1.937,40 €	122.050,69 €
			Total 37.937,40 €	

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de créditos núm. 11/2023 no orzamento para o ano 2023, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 por remisión do art. 179.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

Ribeira de Piquín, 25 de setembro de 2023.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3031

SOBER*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 22 de setembro de 2023, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia e de dependencia correspondente ao mes de agosto de 2023.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 22 de setembro de 2023.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3032

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - ALFOZ***Anuncio*

Convocatoria de axudas para o transporte de estudantes de Bacharelato e ciclos formativos en centros públicos da Comarca da Mariña para o alumnado con diversidade funcional que asista a Centros de Formación Ocupacional da Mariña - Curso 23/24

BDNS (Identif.): 718153

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/718153>)

a) Crédito orzamentario: 2.500,00 euros. Partida de imputación: 326.480.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudan fóra do termo municipal bacharelato e ciclos formativos en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, mediante o uso prioritario do transporte público, nalgunha das seguintes modalidades, e sempre dentro da comarca de A Mariña: Bacharelato, Ciclo de formación profesional básica, ciclo medio de formación profesional e Ciclo superior de formación profesional, todos eles nas modalidades de Réxime ordinario, Réxime das persoas adultas modalidade presencial (oferta modular) e Formación profesional dual. Ademais, se incorpora como suposto a asistencia de persoas con diversidade funcional a centros de formación ocupacional en A Mariña.

A finalidade é favorecer a escolarización non obrigatoria nos niveis de bacharelato e ciclos de formación profesional, e a asistencia a centros de formación non ocupacional para persoas con diversidade funcional, así como o uso do transporte público.

A tales efectos os estudantes deben estar matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comarca de A Mariña, integrada por:

- Bacharelato*
- Ciclo de formación profesional básica *
- Ciclo medio de formación profesional. *
- Ciclo superior de formación profesional. *

* Nas modalidades de Réxime ordinario, Réxime das persoas adultas modalidade presencial (oferta modular) e Formación profesional dual.

No curso 2023/24 inclúese tamén o alumnado con diversidade funcional que asista a Centros de Formación Ocupacional dentro da Comarca da Mariña, de xeito presencial durante os períodos lectivos destes centros, que funcionan en cursos de setembro a xullo, tendo o período de vacacións no mes de agosto.

c) Réxime de convocatoria: Concorrencia competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os, e en concreto polo menos por un dos proxenitores naturais e por adopción dos menores titulares do Libro de Familia, os seus titores legais, ou polas/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade, cando se reúnan os seguintes requisitos:

a.- Toda a unidade familiar, engadido o alumno, deberá cumprir o requisito de estar empadroada/o e ter residencia efectiva no Concello de Alfoz, salvo no suposto de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadroamento e residencia efectiva persoal.

b.- Encontrarse matriculado, durante o curso académico que se inicie na anualidade da convocatoria, nalgún dos estudos indicados na base primeira impartidos en centro educativo sostido con fondos públicos da Comarca de A Mariña e manter dita matrícula ata o remate do curso.

c.- O estudante non pode ter cumpridos os 30 anos, tanto no momento da convocatoria como dentro do ano natural no que se publique a mesma, coa excepción das persoas con diversidade funcional.

d.- Non ser o solicitante nin o beneficiario debedor/a a Facenda Municipal, Autonómica ou Estatal así como a Seguridade Social.

e.- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Alfoz.

f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

g.-Tendo en conta que desde 2021 todos os menores de 20 anos poden utilizar a Tarxeta Xente Nova da Xunta de Galicia, que sufraga os gastos xerados polo transporte durante o curso escolar, o alumnado de BAC e FP que dispoña de autobús desde e ata Alfoz coincidente cos horarios lectivos dos centros educativos nos que estean matriculados no curso 2023/24 non terán dereito a estas axudas do Concello de Alfoz.

O alumnado maior de 20 anos, que non ten dereito á Tarxeta Xente Nova da Xunta de Galicia, pode optar a estas axudas do Concello de Alfoz se cumpre o resto de requisitos e xustificar o gasto xerado polo desprazamento ata o centro educativo durante o curso correspondente segundo as indicacións referidas no apartado correspondente.

h.- O alumnado de BAC e FP e Centros de Formación Ocupacional para persoas de diversidade funcional que acredite a incompatibilidade de horario lectivo co horario do transporte público dispoñible desde o Concello de Alfoz terán dereito á axuda.

e) Documentación a presentar :

a.- Impreso de solicitude (Anexo I) e declaración xurada (Anexo II).

b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante (en caso de alumnos/as menores de idade) e do alumno/a.

c.- Fotocopia do Libro de Familia

d.- Certificado de empadramento e convivencia.

e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda.

f.- Certificación de titularidade da conta bancaria onde efectuar o ingreso. No caso de alumnos/as maiores de idade, deberán ser titulares da conta bancaria.

g.- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado.

h.- Declaración acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da axuda, no modelo normalizado. (Anexo III) onde conste que non anulará matrícula, que destinará a contía económica aos fins establecidos durante o curso académico correspondente.

f) Unidade tramitadora: Departamento Técnico de Xestión.

Órgano competente resolución: Alcaldía

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS HÁBILES contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 6 meses, en todo caso a resolución antes do día 31 de decembro de 2023.

i) Se admite a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de concesión poñen fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración: No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente, que cumpran os requisitos das presentes bases ,superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a contía asignada a cada beneficiario .

l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse a Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello, presentándose no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 50 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 25 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 3033

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - FOLGOSO DO COUREL*Anuncio*

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O APOIO Á NATALIDADE ANO 2023

BDNS (Identif.): 717961

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/717961>)

1.- OBXECTO E FINALIDADE. ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE.

O obxecto das presente bases será, por un lado, establecer medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do Concello de Folgoso do Courel e, por outro, deseñar mecanismos que axuden a fixar a poboación no Concello, evitando así o despoboamento que ven sufrindo; e elo mediante o establecemento de axudas a familias que teñan ou adopten, durante o ano 2023, un/unha fillo/a no Concello de Folgoso do Courel, para os gastos para o/a fillo/a, en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

Considéranse gastos subvencionables os derivados da adquisición de artigos e produtos para a infancia que se destinen ao neno ou nena recién nacido/a ou adoptado/a.

2. BENEFICIARIOS.

Os beneficiarios serán os proxenitores/as de fillos/as nados/as ou adoptados/as durante o ano 2023 en Folgoso do Courel, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

Que a persoa proxenitora solicitante teña a súa residencia habitual en Folgoso do Courel cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 6 meses. Considerarase cumprido este requisito co empadramento efectivo.

Que os/as nenos/as nados/as ou adoptados/as se encontren inscritos no padrón de habitantes do Concello de Folgoso do Courel.

Que a persoa proxenitora solicitante se comprometa a seguir empadroada no Concello, así como os/as nenos/as, por un período de 3 anos dende o nacemento ou adopción.

Que o empadramento supoña a residencia efectiva, e que polo tanto tanto a persoa proxenitora solicitante coma os/as seus/súas fillos/as, residan habitualmente no municipio Folgoso do Courel. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.

Tódolos membros da unidade familiar deberán atoparse ao corrente dos seus deberes tributarios coa Facenda, coa Seguridade Social e co Concello de Folgoso do Courel.

Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Folgoso do Courel.

Non estar incurso ningún membro da unidade familiar nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas co Concello de Folgoso do Courel:

Cumprir a actividade obxecto da subvención.

Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras

Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións

Comunicar ao Concello de Folgoso do Courel calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS.

As axudas serán como máximo de 500 euros por cada fillo/a nado/a ou adoptado/a entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

O importe máximo a subvencionar será de 1.500,00 €, importe a consignar na aplicación orzamentaria 231.48 do orzamento municipal para o 2023.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación se acordará, no seu caso, por Resolución da Alcaldía, e deberá publicarse nos mesmos

medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

4. FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

4.1 PRAZO.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 15 de novembro de 2023. No caso de que o nacemento ou adopción se produza no mes de novembro ou decembro o prazo finalizará o 31 de xaneiro de 2024.

4.2. LUGAR.

Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel.

4.3. DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR.

As solicitudes, que presentaranse en modelo normalizado, deberán ir acompañadas, inexcusablemente, da seguinte documentación:

Certificado de padrón da persoa proxenitora solicitante e dos/das fillos/as, expedido polo Concello, onde figure a data de alta no padrón de habitantes.

Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.

Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia dos/as fillos/as, de selo caso.

Declaración responsable asinada pola persoa proxenitora solicitante das axudas solicitadas e/ou recibidas para a mesma finalidade.

Declaración responsable asinada pola persoa proxenitora solicitante onde conste o compromiso de que tanto ela coma os seus fillos/as sigan empadroados/as no Concello de Folgoso do Courel por un período mínimo de 3 anos.

Declaración responsable asinada pola persoa proxenitora solicitante onde conste o compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos requisitos establecidos anteriormente.

Declaración responsable asinada pola persoa proxenitora solicitante onde conste que tódolos membros da unidade familiar se encontran ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que ningún deles se encontra incurso en prohibición para ser beneficiario de subvencións.

Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, na cal deberá figurar como titular algún dos representantes legais do/a menor, debidamente certificada pola entidade bancaria.

Facturas de gastos para os que se solicita a axuda, que deberán responder a adquisicións de artigos e produtos para a infancia que se destinaran ao neno ou nena recen nacido/a ou adoptado/a.

Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

5. ÓRGANOS DE RESOLUCIÓN E PRAZO DE NOTIFICACIÓN.

A Resolución do expediente, previa emisión dos informes que procedan polos SERVIZOS SOCIAIS e INTERVENCIÓN, competirá á ALCALDÍA.

O prazo para resolver será dun dende a presentación da solicitude no rexistro xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase Resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda ou subvención.

6. PUBLICIDADE E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

A axuda contemplada nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda coa

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tra-la súa xustificación por medio da presentación da documentación prevista no apartado 4.3 das presentes bases reguladoras.

Folgoso do Courel, 25 de setembro de 2023.- Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 3034

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO - SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/35884**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

Nombre de la captación: Pozo

Caudal solicitado: 22,88 m³

Punto de emplazamiento: Torre de Vilamirón, parroquia de Pombeiro (San Vicente)

Término Municipal y Provincia: Pantón (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en un pozo de 5 m desde el cual se conducirán las aguas mediante una tubería al depósito contra incendios de 22,88 m³ de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Pantón, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 25 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 3035

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/10354**

Asunto: Solicitud novación y modificación de características de la concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: María Antonia López López

Nombre de la captación: Manantial

Caudal solicitado: 0,013 l/s

Punto de emplazamiento: Piñeiro, parroquia de San Martiño de Piñeiro (San Martiño)

Término Municipal y Provincia: Lugo (Lugo)

Destino: Riego

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza desde un manantial cuyas aguas son conducidas a un depósito, desde el que se distribuyen a la parcela a regar.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Lugo, o a través

de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 25 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 3036

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/31583**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Comunidad de Usuarios dos Carrelos

Nombre de la captación: Manantial

Caudal solicitado: 0,11 l/s

Punto de emplazamiento: Os Carrelos, parroquia de Silvela (Santa María)

Término Municipal y Provincia: Friol (Lugo)

Destino: Usos domésticos

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en un manantial, en el que se colocan 3 tubos de hormigón. Desde la captación se conducirán las aguas a través de una tubería hasta los depósitos desde donde se distribuyen a las zonas a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Friol, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 25 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 3037